

Un paso máis para a
e-administración e
o achegamento das
institucións ao
demandante


Punto de Información

Máis Información:

902 125 000



SERVIZO GALEGO
DE COLOCACIÓN



Que é un Punto de Información do Servizo Galego de Colocación?

A Consellería de Traballo, a través do Servizo Galego de Colocación, pon a disposición dos usuarios un Punto de Información coa finalidade de facilitar a súa comunicación e xestións co Servizo Público de Emprego.

Que servizos ofrece o Punto de Información, PI?

Nunha primeira fase o PI permite a renovación da demanda de emprego mediante a impresión dixital e o acceso ás ofertas de emprego en difusión e acceso ás páxinas web dos diferentes Servizos Públicos de Emprego Nacionais e Autonómicos. Nun futuro estará integrado no Portal de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e ofrecerá tódolos servizos do portal orientados ao demandante.

Que teño que facer para renovar a miña demanda nun Punto de Información, PI?

O primeiro paso é acudir á súa Oficina de Emprego para rexistrar a súa impresión dixital. Unha vez feito o registro, pode utilizar calquera PI da Comunidade Autónoma para a renovación.

Como é o proceso de renovación no PI?

Cando sexa a data de renovación, no PI que teña máis preto vou á páxina inicial, escollo a opción de renovación e escribo o meu número de identificación, que está no DARDE vello. Na pantalla amósame os dedos nos que teño rexistrada a miña impresión dixital, poño no lector algún deles e premo aceptar (co rato). Unha vez realizada a renovación, o PI imprime o novo DARDE.

Non esqueza recollelo

Que teño que facer se o Punto de Información non funciona ou non teño o meu novo DARDE?

Se por calquera cousa o PI non funciona ou detecta que non lle imprime o novo DARDE, acuda no prazo máximo de DOUS días á súa Oficina de Emprego para facer a renovación ou para que lle impriman un novo DARDE.

Quen pode renovar a súa demanda no Punto de Información?

Calquera demandante de emprego que teña a súa impresión dixital rexistrada no SGC pode utilizar o Punto de Información para a renovación da demanda.

Que pasa cando o lector non reconece a miña impresión dixital?

O sistema de recoñecemento está baseado na comparación de imaxes de impresións dixitais. Se no proceso de captura da impresión, a imaxe foi deformada por exceso de presión ou por calquer outro motivo, non será posible o seu recoñecemento. Nestes casos, probe con outro dedo ou achéguese á súa Oficina de Emprego para que volvan a capturar as súas impresións dixitais. Naqueles casos nos que a nosa impresión dixital non sexa recoñecida, podemos facer tres intentos antes de ter que volver a indicar o noso documento de identificación.

